



AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACION TRIBUTARIA

**MEDIDAS DE PREVENCIÓN NOS VEHÍCULOS ADUANAS-VA**

27/11/2020

A AEAT modificará o Anexo de medidas fronte ao Sars no uso do vehículos de Aduanas-VA, despois de que a C.I.G. reclamara a dotación de máscaras FFP2 para os usuarios dos vehículos do Servizo de Vixilancia Aduaneira.

A Administración ven de convocar para o videiro luns 30 de novembro a Comisión Permanente del Comité de Seguridad y Salud Intercentros, na que se debatirán, entre outras cuestións, a modificación do Anexo de medidas fronte ao Sars no uso de vehículos de Aduanas –VA elaborado polo Servizo de Prevención.

Dende a CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (C.I.G.) vimos denunciando a situación de risco que supón para a saúde das traballadoras e traballadores, usuarios dos vehículos do Servizo de Vixilancia Aduaneira, que a este persoal non se lle dote de máscaras de protección FFP2 ou FFP3, nen sequera naqueles servizos nos que se precise facer uso dos vehículos de xeito simultáneo por máis dun traballador e sen que se poida gardar a debida distancia de seguridade. Neste sentido, con data do 27.10.2020 (REG014164432020) solicitamos que se lles facilitara aos funcionarios que realicen este tipo de tarefas máscaras de protección FFP2/FFP3, coa intención de minimizar na medida do posíbel o risco de contaxio.

Polo que dende a C.I.G. congratulámonos que a Administración, grazas ás presións deste sindicato, propoña a modificación do Anexo de medidas fronte ao Sars no uso de vehículos de Aduanas–VA, sinalando que nas situacións nas que sexa necesario que os vehículos sexan usados simultaneamente por máis dun traballador e sen que poidan manterse as distancias de seguridade, estes traballadores deberán empregar mascarar de protección FFP2.

De igual xeito, despois das denuncias de falla de limpeza dos vehículos do S.V.A. e de reiterados intentos de acceder á documentación xustificativa do cumprimento dos protocolos de desinfección dos mesmos, por parte do delegado de prevención do Comité de Saúde Laboral da AEAT de A Coruña, a Administración propón debater na reunión do vindeiro luns 30/11/2020, do Comité de Seguridad y Salud Laboral Intercentros, a modificación das medidas de limpeza e desinfección a aplicar, contemplando na súa proposta, mesmo periodos de corentena no caso de que non se poda dispoñer de medios que ofrezcan unhas mínimas garantías de desinfección dos vehículos fronte ao Sars-Cov2.

Dende a C.I.G. seguiremos presionando para que a prestación do servizo non supoña poñer en risco a saúde dos usuarios dos vehículos de Aduanas-V.A.

A Coruña, a 27 de novembro do 2020.